
cadernos da escola dramática galega

N.º 83 - Marzo, 1990 Sta. Teresa, 18-baixo
Administración: XOÁN M. LÓPEZ EIRIS Coordenador: MANUEL LOURENZO
Director: FRANCISCO PILLADO MAYOR

Hernán Naval

COMUNICANDO

(Traxi-comédia con parabellum. Nun acto)



COMUNICANDO, *acadou o único accésit concedido no concurso de Teatro Breve, convocado polo colectivo Cultural Buril, de Burela, o ano 1989. O prémio foi declarado deserto.*

EDICION PATROCINADA POR

FUNDACION CAIXA GALICIA


Debuxo portada: Balbina López Santos

el silencio no existe
ni aquí ni más allá
los datos son del último suicida
que regresó menguado y sin aliento
"el resto no es silencio" dijo
y no quiso dar más explicaciones.
Mario Benedetti

A derrota é o extremo da limpeza.
Ruina estrita.
Vicente Verdú

PRELÚDIO Á DERROTA

Poderia ter titulado, por exemplo: *O home da garabata estridente* ou, adiantando o desenlace desde a carteleira, *Ao suicídio pola malenconia en menos de meia hora* ou asi, e de seguro que, co clasicismo neo-brechtiano do primeiro título apontado ou coa auto-irreverência do segundo, venderia máis localidades —se é que algun dia chego a vender algunha, que o dubido seriamente— que co xerúndio de portada. *Ruina estrita,* outra posibilidade, resultaria poético, pero ocorríuseme como título co detalle acústico do final da obra e co detalle gráfico do final deste prólogo discurridos e pre-escrebidos, e sen ánimo nengun de renunciar a eles. (Este drama —ou esta coña— está concebido tanto para ser representado como para ser lido impreso.) E ademáis, dalgun xeito quixen render contraditório homenaxe —cunha audácia dramatúrxica consistente na mistura, ao cincoenta por cento, dun cativo *singspiel* xermánico sen música, ou con moi pouca música, e un raquítico drama existencialista— a un aparato que ódio apaixoadamente por motivos inconfesabeis e co que estou condeado a manter unha relación (erótica?) de carácter sadomasoquista: o teléfono, maldita sexa. Descúlpeseme logo unha cabeceira lixeiramente hortera e de irremediabeis reminiscéncias marisoleiras e augusto-algueronianas e paco inauguraba pantanos na reserva espiritoal de ocidente para celebrar vintecinco anos de paz a puro huevo como dicia la codorniz e luís de pablo que é un cantante era o encarregado de montar o des-concerto comemorativo e marisol non se chamaba pepa flores nen era ainda comunista nen estaba no ostracismo e augusto algueró compoñia tan mal como agora e o plan de desarrollo que non é o mesmo que un plan quinquenal e luís de pablo que segue a ser un cantante non estreiaba óperas insuportabeis nen se programaba tanto a si próprio plan badajoz porque fora director do centro para a difusión da música contemporánea porque ainda non existia o centro para a difusión da música contemporánea por terse pasado ao psoe e ao mariasantísima cando se cadre todo atado y bien atado e se non me meto con el neste limiar ainda que non veña nada a conto cómeme o demo comunicando comunicando comunicando



DRAMATIS PERSONAE

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE. Un borracho, sen concesións. Ou sexa, un poeta.
UNHA MULLER NUNHA XANELA. Leña.
TRES PRINGADOS.
MERYL STREEP e ROBERT DE NIRO.
MEIA DÚCIA DE MANIFESTANTES contra o exceso de grasa epidérmica.
UN HOME DA APARIÉNCIA NORMAL...
UN CAN.
UNHA PARELLA, en pricípio, de namorados, para axiña comprobar que ao cabo está formada —estaba formada— por un namorado, pero de calquera, e unha namorada, pero doutro.
UN CAMAREIRO cultivado.

(A suma de elementos decorativos para a montaxe deste dramiña que vai comezar, constitue un verdadeiro híbrido cenográfico. O fondal é un muro de ladrillo como o que se ve no anúncio do ***whisky*** *Passport nos suplementos a cór de distintos diários os fins de semana, con ao menos tres xanelas a nivel dun entrechán, unha pechada e con algun cristal quebrado, á direita, outra aberta e deixando ollar unha noxenta cociña de apartamento suburbial, á que asomará nalguns intres da obra unha muller de máis de 40 anos, despeluxada, arremangada, cun mandil cheio de lamparóns, no centro, e unha terceira, á esquerda do espectador, que non se me ocorre como apresentar...: entreaberta, digamos; todo ha lembrar a pretencioso drama sócio-realista de segunda fila no Brodway de hai quince ou vinte anos. Á esquerda, un amplo ventanal dunha pequena cafetaria a meio camiño entre o Derby e o Asasino, co nome pintado na parte superior da lúa:* ***A causa perdida,*** *e, a carón, a porta de entrada ao estabelecimento; non lle dou atopado referéncia histórico-teatral a este ángulo inferior esquerdo do meu cenário. No meio, tirando abondo á direita, unha cabiña telefónica da CTNE, todo un referente traxi-cómico "de raibosa actualidade". Máis ainda que a papeleira municipal co fondo furado que está xa perto dos bastidores. Engadamos un compoñente pos-moderno: no ángulo superior direito, unha pantalla xigante de vídeo proxectará, permanentemente ao longo de toda a obra, un plano aéreo dunha mesa de mármore redonda que está ao pé da grande fiestra da cafetaria e sobre a que haberá un vaso, unha botella de* ***scotch whisky,*** *unha estilográfica Mont Blanc negra, unhas holandesas, un exemplar da novela en español* ***El invierno en Lisboa,*** *de Antonio Muñoz Molina, e outro do* ***Diário de Moscu*** *de Walter Benjamin, pero en alemán, ou sexa, do* ***Moskauer Tagebuch*** *(1). E unhas osudas mans de home.*

Porque hai un indivíduo aí, sentado a esa mesa, un tipo con lentes, barba de catro dias e unha garabata estridente. Toma un grolo de ***whisky,*** *quita as gafas un instante e, cun puño na meixela, olla ao exterior entanto soa, lonxe, o* ***Andante*** *da composición coral* ***Il nome della rosa*** *(2).*

O suxeito protagonista pensa, e os seus pensamentos ouviranse sempre como un monólogo amargo, mesmo malfalado. Monologa, dicimos, así:)

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— Fuxiche ao cabo. Abrasada, cheirando ao chamusco, rendíchete axiña. Si, eu era

(1) *Se cadra houbese que xustificar a referéncia bibliográfica a Benjamin, explicar o sentido dramático da permanente preséncia en pantalla e, xa que logo, en cena do exemplar do seu diário moscovita, inmóvil, pechado. Négome. I.éase. Alguén comprenderá. A novela de Muñoz Molina (Ed. Seix Barral, Barcelona 1987) vai ser, como se verá, protagonista.*

(2) *Non se cita ao autor musical de* ***Il nome della rosa*** *porque é o mesmo que o da presente peza teatral. Trátase dunha composición para coro mixto a catro voces, "a capella", sobre un texto en latín de Bernardo Morliacense (s.XII), pertencente ao seu* ***De contemptu mundi,*** *que di:* ***Stat rosa pristina nomine, nomina nuda tenemus,*** *e co que Umberto Eco da cabo á novela do mesmo título.*

—son— un plomizo conflito a curto prazo. E si, estúpida, un conflito de intereses. Un conflito de intereses... (*tono ironico e moi musical*) agora xa a meio prazo. Ou a prazo e meio. Cobarde. Duas faiscas de artifício e fuxes dunha queima que tiñas que avivar co meu fol. Ao carallo. Á segunda hóstia abandoas o cuadrilátero. Estás ti boa —iso é certo, estás boísima— para encetar a revolución. Pedirás prático para atracar as caixas de aforro e foderlle a pensión a tanto votante artério-esclerótico. (*Pausa.*) Bah, nunca atracarás nada nen a ninguén. Se nen rematache de me roubar a min todo, todo perdido. Ou non? Non sei. Pensaba no lume. Non penso botar nengun caldeiro de auga nas brasas paixoais. Son o teu recordo, idiota. Que menos.

(Soan, lonxanísimos, alguns compases de ***Il nome della rosa*** *polo meio, antes da pasaxe á presa. O home da garabata estridente sorbe un amplo grolo de* ***whisky*** *e volve encher o vaso até derramar o licor (o vídeo, testemuña). Segue a matinar en voz audíbel.)*

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— É verdade, demo! Cando algo se nos vai para sempre, fícanos o seu nome. Polo menos, un nome. (*Pausa.*) Cando o que queremos o perdemos sen remédio... Irremediabelmente? Pero de que! (*Olla o seu relóxio de peto que, visto na pantalla de vídeo, marca as 8,30 pasadas.*) Eu cago no mantel. Voute chamar.

(Hai que criar unha música para este intre. O home da garabata estridente golpea a mesa de mármore coa man lixeira, érguese, sai do bar, vai á cabiña de teléfonos, marca un número, non dicimos cal... Hai que criar unha música para este intre. Servan mentres, por exemplos, o tema ***Aceituna rellena*** *por Clunia Jazz ou os pedazos de banda sonora do filme* ***Namorarse*** *cando Meryl Streep proba unha chea de vestidos frente ao espello antes de acudir á cita pecaminosa con Robert de Niro. Ouvirase insistentemente o sinal de comunicando. A ver se criamos unha música que acompañe ao home e á sua garabata de retorno á sua mesa na cafetaria e que se extinga torcendo á esquerda unha roda de volume dunha* ***hi-fi*** *para que o home engarabetado monologue en siléncio.)*

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— Comunicando. Comunicando. Merda. Comunicando. Igoal, adrede. Igoal ten despendurado o aparato. Témeme. Ou a min ou á vicindade ou a Deus ou ao governo..., pero algun medo aniña no seu siso. Debe ter un cruce de cables do nabo. Nen Fenosa. Os seus esquemas, como os meus, feitos pó. Que desastre. (*Pausa.*) Que desastre! (*Pausa longa.*) Hai palabras que me asfixian, que me obsesionan, e que me gostan: (*lentamente*), avenida, asunto, cuestión, alameda... Alameda, vaia nome fermoso para unha revista. (*Pausa.*) Diferéncia, tamén. Comunicando e todo —amnistia, diferéncia...— esa rapaza merece... o tanxer da miña lira... Carallo. Debo de andar a receber unha nova dose de inspiración divina: o tanxer da miña lira... (*Pequena pausa.*) Xa que non o da miña gaita. (*Rise con xenerosidade. Logo, pausa, e logo, con velocidade e decisión.*) Mereces un poema, que coño! Outro.

(Valeira o vaso de ***whisky*** *—no estómago, obviamente—, achégase os papeis brancos, imaculados, desencapota a estilográfica e, tras unha décima de segundo de vacilación, rotula, como se pode comprobar ollando a pantalla de vídeo, o titular poético: A DIFERÉNCIA. Uns instantes despois anteponlle: ES... Fica, xa que logo, ESA DIFERÉNCIA. Segundos máis tarde comeza a escreber, entrecortadamente, uns primeiros versos (o vídeo, insisto, testemuña):*

Ti a memória perdida
o tempo ao fin estragado

(Retoma o monólogo. Os dedos da man esquerda, naturalmente, sobre a mesa —o vídeo..., iso—, contando até oito)

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.—

Ti-a-me-mó-ria-per-di-da
o-tem-poao-fin-es-tra-ga-do...

Ben. Octosílabos.

(Instrución técnica, luminotécnica. Cando o home da garabata estridente reflexióne, barrene ou desbarre en voz alta, a luz dun foco ha resaltar sensibelmente a sua figura á mesa, que, coa pantalla de vídeo, deberán ser percebedas polo espectador con maior nitidez que o resto do cenário. Éste haberase iluminar abondo e totalmente a cada volta que o tipo saia a telefonear ou cando algunha personaxe de tránsito saia a cena. Agás agora. Iluminemos só, excepcionalmente, a xanela central do entrechán do cenário. Aí, a muller do mandil grasento, arremangada, brandendo ergueita unha tixola polo rabo, procede a expulsar da **sua** *cociña ao que parece ser o seu marido. E faino en termos concluintes.)*

A MULLER DA XANELA.— Atende, queridiño. Ainda que sexa o derradeiro xesto con xeito que teñas na tua noxenta vida a carón desta miserábel, coitada, ente outras culpabilidades, pola tua, mamón. Porque coidado que eres cretino. Un pedazo máis e naces caldeiro de fregona. Asi chegache a donde chegache, a garda civil na mariña de Galiza, menuda merda, ti e máis Galiza. Case nada. Unha xoia, meu rei. Hai que foderse. Contrabandista. Tiveche sempre tantos escrúpulos comigo, cos fillos e coa pátria pola que dicides dalo todo, como tua nai coa mesma pátria cando non se lle ocorriu maior barbaridade que traerte ao mundo. Non debia ser besta nen nada a santiña. (*Pausa.*) "Todo por la patria". Seguedes a ter un morro de catro o cinco pares de collóns. Mira o que che digo, percebe. Vaste ir dunha puñeteira vez. Xa non te aturo máis. A ti non hai Deus que teature. E eu xa exercin de masoca moitos anos.

(Luz en todo o cenário, no que entran, pola direita ou pola esquerda, tanto ten, tres rapaces: un con chupa coiro, outro en camisola manga sisa, o terceiro como lle pete. Fican baixo a fiestra e póñense a liar un canuto.)

A MULLER DA XANELA.— Explotache á fa-

mília sempre. Como antes de palmala o vello explotabas currantes a golpe de tricórnio e como agora explotas aos mozos daí abaixo papeliña en ristre. A min, sempre. Aforrarei detalles... (*Sorrindo.*) Pero isto acabouse. Arreando que é xerundio. E pola sombra (*Ergue máis a tixola.*) E a ver se os tes para me volver sacar a pistola. Douche volta e volta nesta tixola e cómete o demo. Largo. Pero antes asina as notas do coléxio da cativa. A min dame a risa (3).

(Escurece lixeiramente a fiestra. Tamén a cafetaria. Algo de máis luz sobre os pringados. Un di:)

UN PRINGADO.— Costo **light** a custe oficial. Chungo. Vós non sei, nenos, pero eu vou sacar ao sol a **gillette** para financiarme un pico. Se non, non arrinco.
(Marchan.

O home e a garabata. No vídeo, que se vexa a caligrafía:

Ti a memória perdida
o tempo ao fin estragado
o mundo que ffff respira
o siléncio recobrado
un o abismo permanente.

Os mesmos compases da banda sonora de ***Namorarse...*** *ou alguns ben escolleitos da de* ***O nome da rosa,*** *Sean Connery ao quite? A garabata outravolta camiño do teléfono. Un número. Comunicando. O home de novo sentado, os brazos sobre a mesa, a cabeza sobre os brazos. O vídeo.*

Escurecimento paseniño e total da cena. Agora vai unha sorte de ***pasticcio.*** *Da pantalla de vídeo desaparecen mesas, libros e mans. No canto, cenas do idílio Meryl Streep-Robert de Niro en* ***Namorarse,*** *pero aos sons usurpadores dun impostor* ***Präludien I*** *de* ***Das Wohltemperierte Klavier*** *de Johan Sebastian Bach, nalgunha escollida versión lenta e a piano-forte moderno.*

---

(3) *O autor é consciente —divertidamente consciente— da inverosimilitude que constitue a intervención da muller da xanela. Que va, unha muller arremangada e cun mandil grasento non fala asi; todo o máis, parecido. Mais isto é teatro...*

Instrutivo repouso de actores e público).

(Luz. O home realiza a chamada máis unha vez. Entanto escoita o sinal de comunicando, entra en cena, pola direita, unha manifestación de meia dúcia de ácratas pouco convincentes, mesmo decididamente fraudulentos. Catro varóns, duas fémias, vestidos a meio camiño entre nenos pixo, con perdón, e pasotas legais. Portan unha espécie de letreiro que di: "Contra el acné juvenil". Berran e repiten:)

OS MANIFESTANTES.— "La espinilla a la Bodeguilla".

(A muller asoma á xanela e sorri. O home afrouxa a garabata ao sair da cabiña e regresa ao café tras dos "manifestantes". Ao momento, entra en cena pola direita un indivíduo de facha normal, máis ben groso, que entra na cabiña, marca un número e axiña di:)

O HOME DE APARIÉNCIA NORMAL.— (*Ao teléfono*)

Si... Están controlados... Non creio que pretendan achegarse até o governo civil... Vale. (*Pendura o teléfono.*)

(Cando o suxeito de pinta normal dispoñíase a sair da cabiña, un can xa lle estaba mexando nos pes desde o exterior, a porta entreaberta porque, por certo, non pecha nunca ben. O home di...

O HOME DE APARIÉNCIA NORMAL.— Merda!

...e sai de cena correndo tras o can.)

(O home da garabata estridente ten interrumpido a composición do poema. Bebe ***whisky.*** *A meia voz lé unha pasaxe de* ***El invierno en Lisboa*** *(pax. 83).*

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— "Es cierto, hay ciudades y rostros que uno sólo conoce para despues perderlos, nada nos es devuelto nunca, ni lo que no tuvimos, ni lo que merecíamos".

(Bebe ***whisky.*** *Tira do peto o relóxio e o vídeo rexista as 9,30. Do serán, naturalmente. Anoitece. Apáñese o técnico de iluminación para que iso semelle. O home reenche o seu vaso. Cunha man aferrado a el..., volta falar só.)*

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— (*Así como entrecortadamente.*)

Debo renunciar..., debo renunciar máis unha vez a toda unha espécie de bagaxe dialéctica... tecida en min a golpe de loita... solitária, e de derrotas contínuas? Non. Non sei... Non... Se cadra as palabras deste libro non son máis que barroquismo requintado... Mais que fermosas son. (Relé) "...ni lo que tuvimos, ni lo que merecíamos". (*Pausa considerábel. Lonxanísimos, en* pianissimo, *os primeiros compases de* ***Il nome della rosa.***) Non renúncio a nada..., pero concluo escéptico... Desesperanzado, nunca... Ainda que só sexa porque un dia tivémonos... e, sobre todo, porque nos merecíamos... Lémbrote. Porque si.

(Que o vídeo recolla a escrita doutro verso aos sons, xa máis perto, menos ambientais e máis protagonistas, de ***Il nome...,*** *a ver se pode cadrar coa entonación das palabras* ***nomina nuda tenemus.)***

(a sempiterna lembranza.)

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— (*Bebe antes de falar.*)

Como pudeche ser tan estúpida e perder? Ti si que renunciache... A moito. Velai a nosa diferéncia: a que hai entre o perdedor imbatíbel... e unha loitadora escasa, como escaso será o teu existir... Cobarde... Merecíamonos.

(Érguese. A mesma música de ***Namorarse.*** *Vai ao teléfono da rua. Chama. Comunicando. Fica no umbral da cabiña acendendo un cigarro. Sinal aleatório: o actor "que lle dé vida" (?) pode prender o tabaco que lle pete ao longo da sesión. De volta ao café, tordeando porque leva dentro xa moito* ***whisky,*** *percebe ás suas costas a entrada en cena dunha parella. Detense diante a porta do bar a observalos.)*

EL.— (*Agarrando a ela dunha man.*) Segura?

ELA.— (*Ceibándose.*) Segura. Síntoo.

EL.— Non o sintas. Padéceo. Pagaba a pena. En fin. Non te esquecerei facilmente.

ELA.— Adeus. Estame agardando.
EL.— Anélogo.

(A rapaza sae de cena pola esquerda, pasando por diante do noso home, que a olla co ceño fruncido polo fume do cigarro que acaba de calar. O noso home di...)

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— "Gilipollas"

(...e entra no estabelecimento. O rapaz entra na cabiña, marca un número, escoita un sinal de comunicando, marca outro número, escoita outro sinal de comunicando, marca ainda un terceiro número e, aos poucos segundos, fala polo micro.)

EL.— Lucía?... Si... Nada, chamaba para saber como andabas... Alégrome. Tomamos unha copa? Un vodka só e sen xelo. Ainda lembro que é o que bebes, e o que bebo eu cando estou contigo. (*Certa pausa.*) Ateagora.

(O home da garabata estridente necesita uns minutos para dar cabo ao seu poema. Como no outro ***intermezzo*** *cinematográfico, propomos o escurecimento paulatino do cenário e a proxección na pantalla de vídeo dalguns outros planos paixoais de* ***Namorarse*** *entanto o tipo remata de escreber e mentres dura a audición da* ***Fuga I*** *do* ***Das Wohltemperierte Klavier*** *para complementarmos o* ***Präludien*** *de antes. Logo, recuperada a luz en parte, o video ensinaranos unha clara ampliación do poema, que ha contar, é óbvio, con algunhas tachaduras).*

ESA DIFERÉNCIA

Ti a memória perdida
o tempo ao fin estragado
o mundo que ffff respira
o siléncio recobrado

un o abismo permanente
a sempiterna lembranza
o son por moito que pese
ao viciño á esperanza

decididamente entre nós os dous
hai unha diferéncia de matiz.

(E despois de beber, o home estridente emite a sua reflexión final.)

O HOME DA GARABATA ESTRIDENTE.— Non renúncio a ti, renúncio á tua auséncia. (*Pausa.*) Levo o teu nome e o recordo da tua man na miña nuca.

(Mira a hora. Case as 11. Abre ***El invierno en Lisboa.*** *Instantes despois érguese, marcha á cabiña, fai ademán de despendurar o teléfono, non o fai, tira do peto da americana unha Parabellum nove longo, apóntase á própria sen, renúncia a todo, dispara.)*

(A muller da xanela sorri. Nalgun intre ri sonoramente, máis en ***piano.*** *O hosteleiro de* ***A causa perdida*** *—suxísima chaqueta branca de camareiro, pantalón mouro, camisa de pescozo folgado, lazo retorto, etcétera— sae sen precipitación algunha do café, as mans nos petos, cigarro en beizo, achégase á cabiña, olla o cadavre, marmúria.)*

O CAMAREIRO.— Outro. Levo toda a puta vida observando a perdedores. Nese bar (*ergue os ollos cara a lúa de* ***A causa perdida***) asistin a cada derrota humana de carallo. Non, se aí non veu o mesmo Gemingüey a se reventar o testo dos sesos porque non sabia do meu chiringuiño, vaia. (*Pausa. Olla o morto outravolta, as mans nos petos, o cigarro a se consumir nos beizos.*) O indivíduo éste non se andivo con metafísicas. Nove longo na sen e autógrafos á saída. Acolloante, pero quen me paga a min o **whisky** de tres semanas. Que se maten canto queiran, pero que paguen antes, cona, ou se non que beban auga... (*Comeza a chover. O* ***bar-man*** *olla ao ceo e ergue un brazo coa man extendida.*) Vale, tio, tampouco é para pórse asi. (*Agacha un pouco só, unha man polo menos sempre no peto, coa outra remexe amodo na americana do matado á procura, evidentemente, dunha carteira. Érguese, as mans, as duas, nos petos*). Paréceme a

min que como non lle reclame ao mestre Armero... En fin, os mortos son abstémios (4)... Unha ruina. Ruina estrita.

(Aqui chegados, a risa da muller da xanela é xa contínua e ten medrado en volume. Cando o propictário de ***A causa perdida,*** *as mans nos petos sen un peso, vai de volta para o café, soa o teléfono da cabiña e tamén comeza a soar de novo* ***Il nome della rosa.*** *O camareiro regresa ao lugar do tiro, estírase por riba do fiame e despendura o aparato.)*

O CAMAREIRO.— Aqui a oficiña de obxectos botados a perder, a obtusidade, un desastre tropical. Dígame. *(Transcorren quince, vinte segundos. Os ollos do* ***bar-man*** *abertísimos, como pratos.)* Non, señora, aqui non vive ninguén que se chame Carlos Casares. Aqui, por viver, non vive ninguén. E se vostede quer estreiar e publicar unha peza teatral na que se suicida o protagonista, pida unha subvención á Consellcria de Cultura. Neste cochambroso país, a cultura, e a Consellaria, está tan morta como a personaxe da sua obra. Unha aperta. *(Colga o teléfono e regresa ao bar.)*

(As gargalladas da muller da xanela son xa estrepitosas. Chove. Faise a escuridade en cena. Só se percebe a pantalla de vídeo, cuxo centro de imaxe, ***El invierno en Lisboa*** *aberto pola páxina 140 sobre o poema, agrándase até ocupar o plano inteiro e facer lexíbel o párrafo que deixou suliñado o home da garabata estridente:*

"...la inútil, la casi compartida rabia de haber perdido el derecho a los recuerdos y a la dignidad del fracaso".)

(Mentres cae o pano e un Allegro de tecido contrapontístico, prévio a unha cadéncia plagal con emprego da sexta engadida sobre a subdominante, da cabo e ***Il nome della rosa,*** *óuvese o sinal de comunicando dun teléfono.)*

---

(4) Senténcia que din que proferiu Billy Swann, personaxe (secundária?) de ***El invierno en Lisboa,*** *cando, alcolizado, estivo ingresado nun sanatório dos arrabaldos da capital portuguesa e andaba a deixar de beber. Pax. 146.*

IL NOME DELLA ROSA



Tip. Of. GRAFICAS CORUÑESAS

Dep. Legal: C-111-1979


IL NOME DELLA ROSA